

ADMINISTRACIÓN LOCAL

VILAGARCÍA DE AROUSA

MUNICIPAL

FUNDACIÓN DE DEPORTES CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Subvencións e axudas

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, ANO 2017, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2015/16 OU, EJERCICIO 2016.

1.—FINALIDADE E OBXECTO:

A Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, no seu artigo 8.1, sinala como competencia dos Concellos a de Fomentar, Promover e Difundir o Deporte, especialmente en idade escolar. Para o fomento desta actividade de interese social, as bases da presente convocatoria teñen por finalidade a promoción dos Clubes/Entidades Deportivas Locais de carácter federado, non mercantís, non profesionais, e consecuentemente sen ánimo de lucro, de acordo ó sinalado nos artigos 40 ao 50 da devandita lei, en réxime de concorrencia competitiva.

O obxectivo desta convocatoria é financiar, en parte, os gastos correntes estrita e directamente derivados da realización das actividades deportivas federadas dos colectivos de base expresados no parágrafo anterior, a efectos de que estes poidan alcanza-los seus obxectivos, dentro das competicións deportivas federadas nas que estean inscritos.

2.—LEXISLACIÓN APLICABLE:

Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e, demais normativa Estatal, Autonómica, concordantes. Asemade das normas que se aproben ou teña aprobadas o Concello de Vilagarcía de Arousa.

3.—CONSIGNACIÓN:

A contía total que se destina a esta finalidade será a que figure na partida 341-483,00 do orzamento da Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, ano 2017. En caso excepcionais, poderá aumentarse a citada consignación, coa existencia de sobrantes nas partidas coa mesma vinculación xurídica.



4.—DESTINATARIOS E REQUISITOS:

Poderán acceder a estas subvencións os Clubes ou Entidades Deportivas Federadas con sede social no Municipio de Vilagarcía de Arousa e que figuren inscritos no Rexistro de Clubes/Entidades Deportivas da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que cumpren os seguintes requisitos:

- Clubes/Entidades Deportivas sen animo de lucro e con Personalidade Xurídica Propia.
- Estar Federadas nunha ou varias Modalidades Deportivas
- Desenvolver a súa actividade no Concello de Vilagarcía de Arousa.

5.—OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS:

Son obrigas dos/as beneficiarios/as:

a.—Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b.—Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención.

c.—Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e aportar a información que lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d.—Comunicar ó órgano concedente a solicitude e a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.

6.—DOCUMENTACIÓN:

Os/as solicitantes deberán presentar a seguinte documentación, referida á tempada 2015/16, dende o 1 de agosto de 2015 ao 31 de xullo do 2016 e, se a actividade deportiva se desenvolve no ano natural, corresponderá ao ano 2016:

6.1.—Unha solicitude debidamente cumprimentada, modelo que se facilitará na Oficina da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa. Cada club/entidade deportiva so poderá presentar unha única solicitude.



6.2.—Certificación Orixinal ou Fotocopia Compulsada da Federación (modelo que se facilitará na Oficina da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa), correspondente de que o club ou entidade se atopa federado na mesma, na tempada sinalada anteriormente, realizando actividades organizadas pola Federación correspondente e no que se indique:

- As licenzas federativas (Nº total de deportistas de cada categoría, establecidas póla súa federación), desglosado en licenzas femininas e masculinas que realicen competición oficial).
- Adestradores/as Titulados con licenza na devandita tempada.
- Liga ou similar na que xoga cada equipo (sinalando o nivel da liga, contando a partir da Máxima División que corresponda como 1º nivel, 2º nivel, etc...).
- Outros resultados por Equipos ou Individuais en Campionatos de primeiro nivel (Galego, España, Europa ou Mundial).

6.3.—Declaración do Club/Entidade Deportiva asinada polo/a Secretario/a co Vº e Prace do/a presidente/a de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas (anexo I), modelo que se facilitará nas Oficinas da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

6.4.—Declaración do Club/Entidade Deportiva asinada polo/a Secretario/a co Vº e Prace do/a presidente/a, na que se fagan consta-las contías das axudas solicitadas, asignadas ou recibidas por outras Administracións Públicas, ben directamente ou ben a través das Federacións deportivas, así como doutros axentes para a mesma finalidade (anexo II), modelo que se facilitará nas Oficinas da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

6.5- Autorizacións ao Concello e/ou Fundación de Deportes para que poida consultar ou solicitar os certificados de estar ao corrente coa Recadación Municipal, Seguridade Social e Axencia Tributaria (anexo III) e, coa Consellería de Economía e Fancenda (anexo IV), modelos que se facilitarán nas Oficinas da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa. No caso de que as citadas Administracións poñan algún impedimento para que este Organismo Autónomo solicite os certificados correspondentes, se lle requirirá aos Clubes/Entidades Deportivas, para que presenten as certificacións orixinais ou fotocopias compulsadas.



7.—LUGAR E PRAZO DE ADMISIÓN DE SOLICITUDES:

7.1.—As solicitudes acompañadas da documentación requerida, de acordo co establecido na base anterior, presentaranse nos REXISTROS DA FUNDACIÓN DE DEPORTES OU DO CONCELLO DE VILAGARCIA, no horario establecido de atención ao público ou, nos lugares establecidos no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.2.—O prazo de admisión de solicitudes finaliza 20 días naturais despois do día seguinte á publicación da convocatoria no BOP.

8.—TRAMITACIÓN:

A Fundación de Deportes do Concello, revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que no prazo improrrogable de DEZ DÍAS hábiles a partir da data da notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, a súa solicitude archivarase sen máis trámite.

9.—RESOLUCIÓN:

A instrucción do expediente realizarana o/a presidente/a e director Deportivo da Fundación de Deportes, que formularán as propostas de concesión de subvencións.

A aprobación das propostas de concesión das subvencións corresponderá ao Consello Reitor da Fundación de Deportes.

O valor do punto, resultará da formula matemática da división da consignación presupostaria entre a suma total de puntos outorgados a cada unha das solicitudes, conforme á baremación feita segundo o apartado 14.—CRITERIOS DE VALORACIÓN e os puntos a maiores acordados polo Consello Reitor.

10.—NOTIFICACIÓN E XUSTIFICACIÓN:

10.1.—Unha vez aprobada a subvención, será notificada aos/ás interesado/as, a través da Oficina da Fundación de Deportes do Concello.

10.2.—Efectuada a notificación abrírase un prazo de 30 días Naturais, contados a partir do seguinte ao recibo da presente, para presentar a Conta Xustificativa (modelo facilitado pola Fundación de Deportes) con toda a documentación necesaria a efectos de xustificación da subvención, nos REXISTROS DA FUNDACIÓN DE DEPORTES OU DO CONCELLO DE



VILAGARCIA, no horario establecido de atención ao público ou, nos lugares establecidos no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O importe dos gastos xustificados deberá alcanzar, polo menos, o importe da subvención. No caso de que a entidade reciba subvencións doutras administracións públicas para o mesmo proxecto ou actividade subvencionada, deberá presentar unha certificación asinada polos responsables do club onde se faga constar a relación de facturas que foron presentadas nas citadas administracións a efectos de xustificación, que non deberán coincidir cos xustificantes de gastos presentados na Fundación de Deportes (anexo V). O Club tamén poderá optar por aportar xustificantes de gastos polo importe total das subvencións públicas recibidas.

A subvención concedida non poderá ser tal que sumadas todas as subvencións públicas, exceda do balance de gastos presentado.

10.3.—A documentación necesaria para xustificar a subvención, referida á tempada 2015/16 (dende o 1 de agosto de 2015 ao 31 de xullo do 2016) e, si a actividade deportiva se desenvolve no ano natural, corresponderá ao ano 2016, será a seguinte:

a) Orixinais ou copias compulsadas das facturas de gastos realizados nas actividades obxecto da subvención, conforme ao sinalado no punto 6.2 e nas que figurarán necesariamente os seguintes requisitos:

a:1 Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura, correctamente fechada e numerada. a:2 Nome e CIF do/a beneficiario/a da subvención. a:3 Detalle e data dos servizos prestados, contía dos mesmos con expresión do IVE, se non estiveran exentos.

a:4 Xustificación do pago. As operacións con importes superiores a 2.500,00 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto na Lei 7/2012 de 20 de outubro de 2012, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante o cargo na conta bancaria correspondente.

b) Aceptaranse como xustificantes de gasto, certificacións oficiais federativas, da Mutualidade Deportiva, de Colexios de Árbitros ou Pólizas de Seguro de Responsabilidade Civil da Entidade. Así como recibos de colaboradores, adestradores ou axudantes que deberán cumprir os seguintes requisitos: nº de recibo, lugar e data, datos do interesado e do club ou entidade deportiva (nome, domicilio, NIF ou CIF), descripción do concepto de gasto, precio total e IVE repercutido ou IVE incluído cando o importe total do recibo non exceda de 400,00 €.



c) Tamén serán subvencionables os gastos financeiros, incluídos os intereses, gastos notariais e rexistrais directamente relacionados coa actividade subvencionada e que sexan indispensables para a realización da mesma. Quedan excluídos as amortizacións de préstamos.

d) Declaración do Club/Entidade Deportiva asinada polo Secretario co Vº e Prace do Presidente na que se exprese, baixo a súa responsabilidade ter cumprido o obxecto da subvención (anexo VI).

e) Declaración do Club/Entidade Deportiva asinada polo/a Secretario/a co Vº e Prace do/a Presidente/a, na que se fagan consta-las contías das axudas solicitadas, asignadas ou recibidas por outras Administracións Públicas, ben directamente ou ben a través das Federacións deportivas, así como doutros axentes para a mesma finalidade (anexo VII).

De non cumprirse algún dos requisitos anteriormente mencionados, darase un prazo improrrogable de 10 días hábiles a partir da notificación para achegar a documentación que se precisa.

Vencidos os prazos que se establecen nas presentes bases sen que o/a beneficiario/a da subvención achegase a correspondente documentación, entenderase que renuncia a percepción da subvención, sen perxuício de poder estar incurso no establecido no artigo 13.

11.—PAGO:

Cumpridas as esixencias de xustificación documental citadas nas presentes bases, remitirase o expediente a Intervención para as comprobacións que procedan e posterior tramitación para o seu pago.

12.—REINTEGRO DE CONTAS PERCIBIDAS:

Procederá o reintegro da cantidade percibida, sempre e cando se produza o incumplimento das presentes Bases e, nos supostos que establezca a Lexislación aplicable.

13.—RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR:

13.1.—A Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa poderá dispoñer que se efectúen as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos presentados polos/as solicitantes, para unha mellor valoración das solicitudes e resolución do expediente.

13.2.—Os/as beneficiarios/as virán obrigado/as a comunicar á Fundación de Deportes a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado.



13.3.—Así mesmo os/as beneficiarios/as facilitarán tanta información lle sexa requirida polo Tribunal de Contas ou Consello de Contas, no seu caso.

13.4.—Os/as beneficiarios/as das subvencións quedarán sometidos/as ás responsabilidades e réxime sancionador contidas no Título IV da Lei Xeral de Subvencións (LXS)

13.5.—Por acordo da maioría dos membros do Consello Reitor , previo informe de Intervención, Secretaría e técnicos da Fundación Deportiva, poderase sancionar ca imposibilidade de solicitar a subvención do seguinte exercicio, a aqueles Clubes/Entidades Deportivas, que incumplan algún dos seguintes puntos:

- a) Falsear documentos, memorias, presupostos ou certificacións.
- b) Non renunciar a subvención tan pronto como se teña constancia de que non cumples os requisitos imprescindibles da mesma ou da lexislación vixente.
- c) Non xustificar a subvención asignada.
- d) A sabendas, presentar na xustificación, recibos ou facturas manifestamente falsos.
- e) Non destinar os fondos da subvención ao obxecto polo que se concedeu a mesma.

14.—CRITERIOS DE VALORACIÓN:

Para determinar a contía de cada unha das subvencións a conceder teranse en conta o seguinte baremo:

14.1 Baremo de puntuación para o outorgamento de subvencións a Clubes ou Entidades Deportivas:

- Equipos Base de Ligas de ámbito Nacional (xogan fora da Comunidade): 10 Puntos
- Equipos Base de Ligas de ámbito Autonómico: 8 Puntos
- Resto de Equipos Base: 5 Puntos
- Equipos Senior: 2 puntos
- Adestradores/as titulados/as Equipos Bases que tiveran licenza na tempada a valorar: 3 puntos
- Adestradores/as titulado/as Equipo Senior que tiveran licenza na tempada a valorar: 1 punto
- Número de compoñentes por categoría (co desglose de licenzas femininas e masculinas), segundo corresponda:
 - De 04 a 06: 1 punto
 - De 07 a 11: 3 puntos



- De 12 a 18: 5 puntos
- De 19 a 24: 7 puntos
- Máis de 25: 9 puntos

No caso de que os compoñentes dun equipo ou categoría non alcancen 4 deportistas, se sumarán cos seguintes ou, no seu caso, de ter un número inferior a 4 compoñentes o Club/ Entidade Deportiva valorarase coa puntuación mínima de 1 punto.

- Por participación en competición principal (liga ou similar) da tempada:
 - Máxima División: 15 puntos
 - Seguinte (2ª) División: 11 puntos
 - Seguinte (3ª) División e, Equipos base de ámbito Nacional (outras Comunidades): 8 puntos
 - Seguinte (4ª) División e, Equipos base de ámbito Autonómico: 5 puntos
 - A partir da seguinte (5ª) División: 2 puntos
- Por cada Equipo que ascenda a unha categoría de Ámbito Nacional: 7 puntos
- Por cada Equipo que ascenda a unha categoría de Ámbito Autonómico: 6 puntos
- Por cada Equipo que se clasifique e participe na Fase Final de Ascenso a categoría Nacional: 5 puntos
- Por cada Equipo que se clasifique e participe na Fase Final de Ascenso a categoría Autonómica: 3 puntos
- Por cada Equipo Campión de España do primeiro nivel: 15 puntos
- Por cada Equipo que se clasifique e participe na Fase Final do Campionato de España do primeiro nivel: 10 puntos
- Por cada Equipo Campión Galego do primeiro nivel: 12 puntos
- Por cada Equipo que se clasifique e participe na Fase Final do Campionato Galego do primeiro nivel: 5 puntos
- Por cada deportista Campión Individual de España, en probas cunha participación mínima de oito deportistas en competición.: 6 puntos
- Por cada deportista Finalista individual no Campionato de España, en probas cunha participación mínima de oito deportistas en competición.: 3 puntos
- Por cada deportista Campión individual Galego de primeiro nivel, en probas cunha participación mínima de oito deportistas en competición.: 3 puntos
- Por cada deportista Finalista individual Galego de primeiro nivel, en probas cunha participación mínima de oito deportistas en competición.: 1 punto



— Outros:

Para aqueles méritos deportivos de relevancia que non teñan cabida nos apartados anteriores, tomaranse en consideración aqueles outros aspectos deportivos a criterio do Consello Reitor, como:

a) Marcas rexistradas polos deportistas, sempre que superen a marca mínima esixida na competición internacional, representando a seu Club/Entidade Deportiva.

b) Postos alcanzados en competicións oficiais de carácter internacional de Clubes/Entidades Deportivas: Europeo ou Mundial.

c) Pola participación en competicións oficiais de carácter internacional de Clubes/Entidades Deportivas: Europeos ou Mundiais e, sempre que existira unha clasificación previa por méritos deportivos para a súa participación.

d) Polos desprazamentos fóra do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto para participar nas Ligas Nacionais ou Competicións oficiais internacionais de Clubes/Entidades Deportivas.

Asemade neste apartado tamén se contemplará o outorgamento de puntos co obxecto de que os Clubes/Entidades Deportivas de menor puntuación, alcancen unha subvención mínima que será establecida polo Consello Reitor en función da consignación orzamentaria dispoñible e tendo en conta os datos dos exercicios anteriores.

14.2.—Considéranse equipos base aqueles formados por mozos/as que militen nas distintas categorías establecidas polas federacións e que non sobrepassen os 18 anos de idade, no momento de tramitar a ficha federativa.

14.3.—Consideraranse equipos senior todos aqueles que se formen con criterios federativos, pero que as súas idades superen os 18 anos no momento de tramitar a ficha federativa.

14.4.—Para computar os puntos correspondentes a cada club/entidade deportiva de modalidades deportivas, que teñan as súas tempadas abarcando dous anos naturais, tomaranse os puntos por participación os correspondentes ó Primeiro dos dous anos. 14.5.—Nos Deportes Individuais, tanto un deportista Individual ou por Equipos, valorarase por un só logro, sempre o de maior rango ou puntuación. Valorándose ata un máximo de 15 deportistas en total, nos puntos do apartado 14.1 de “deportista Campión ou finalista individual, de España ou Galego do primeiro nivel”.

14.6.—Nos Deportes Colectivos, cada Equipo valorarase por un só logro, sempre o de maior rango ou puntuación.



14.7.—Cando un Club/Entidade Deportiva utilice os mesmos deportistas nun 50% ou máis, dos seus compoñentes, en distintas Competicións do mesmo deporte, só se valorará a participación e logros dunha delas.

14.8.—Os Clubes/Entidades Deportivas que teñan adxudicadas Escolas Deportivas Municipais, non computaran nas presentes bases polos nenos/as que estén inscritos na/s Escola/s Deportiva/s.

15.—COLABORACION:

Os Clubes/Entidades Deportivas que sexan destinatarias de esta subvención municipal, comprométese a colaborar coa Fundación Deportiva naquelas actividades para as que sexan requeridos, dentro da súa modalidade deportiva e sempre cando non ocasione perxucios ao desenvolvemento das súas competicións oficiais, nin a súa economía.

Estas colaboracións terían que estar encadradas en eventos ou actividades como:

15.1.—Festa do Deporte.

15.2.—Actividades do tipo: Semana da Mobilidade, Días do Deporte, etc...

15.3.—Exhibicións con motivo de actos festivos.

15.4.—Representación en acontecementos deportivos supramunicipais.

Vilagarcía de Arousa, 19 de xaneiro de 2017.—O presidente, Argimiro Serén Mera.

